**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**
**CURSO 2019-2020**

# RELIXIÓN CATÓLICA
# C.R.A. DE RIANXO
# 1º CURSO DE PRIMARIA

(Docente: Celia Piñeiro García)

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

| Criterios de Avaliación | Estándares de aprendizaxes |
|---|---|
| 1. Valorar a Creación, a bondade e a paternidade de Deus.<br>2. Descubrir que Deus é Pai e nos coida.<br>3. Apreciar o amor de Deus ao home e á súa creación.<br>4. Comprender que Deus Pai enviou ao seu Fillo Xesús para que nos mostre o camiño para chegar a El.<br>5. Recoñecer a mensaxe e as ensinanzas dalgunhas parábolas de Xesús.<br>6. Saber aplicar á propia vida os valores e as virtudes que xorden das ensinanzas de Xesucristo.<br>7. Comprender que Cristo nos mostra o seu amor ensinando o camiño para chegar a Deus, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos o seu Espírito.<br>8. Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.<br>9. Comprender e respectar o domingo, día do Señor.<br>10. Saber e valorar a Virxe María, Nai de Deus e Nai nosa.<br>11. Valorar a vida eterna como un regalo de Deus. | 1. Relata coas súas palabras o amor do Pai Deus por todos nós.<br>2. Describe a natureza como a festa da creación de Deus.<br>3. Manifesta agradecemento a Deus Pai pola natureza a través de debuxos, oracións, xestos en clase...<br>4. Indica algúns textos bíblicos que sinalan que Deus Pai non nos deixa sós.<br>5. Memoriza a oración do Nosopai.<br>6. Repite oracións sinxelas para expresar amor a Deus Pai.<br>7. Enumera accións que o Señor realiza para ser mellores fillos de Deus.<br>8. Sabe que Xesús resucitou e está sempre connosco.<br>9. Cóntalles aos demais compañeiros o que fan na súa familia, no seu contorno próximo, como Xesús nos ensina.<br>10. Coñece pasaxes do Novo Testamento en que se manifesta a fe en Xesús Resucitado.<br>11. Describe con algúns trazos o que é unha familia e o que é unha comunidade cristiá.<br>12. Sabe que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa.<br>13. Recoñece na Igrexa diversas manifestacións que expresan a loanza a Deus Pai.<br>14. Valora e sabe que o ceo é a casa de Deus onde nos encontraremos con Xesús. |

**ADAPTACIÓN: os elementos destacados en vermello non foron traballados no presente curso durante o período lectivo presencial polo que quedan eliminados da programación. A avaliación será continua, global, formativa e integradora e terase en conta o progreso do alumno/a ao longo do todo o curso.**